

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR



I.- INTRODUCCIÓN

- 1. Lexislación**
- 2. Clasificación do comedor**
- 3. Horario do comedor**
- 4. Funcións do persoal colaborador de atención e apoio ao alumnado**
- 5. Funcións do encargado de comedor**
- 6. Funcións do director do Centro**

II.- OBXECTIVOS

- 1. Educación para a saúde**
- 2. Educación para a convivencia**

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA

- 1. Normas xerais**
- 2. Normas específicas de uso do comedor**

IV.- TEMPO LIBRE

V.- PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS

VI.- ANEXOS

I.-INTRODUCCIÓN

O ámbito de aplicación deste regulamento comprende os/as usuarios/as e persoal a cargo do comedor escolar do C.E.I.P. “Gonzalo Torrente Ballester” de Cambre.

1. LEXISLACIÓN

O regulamento está baseado na seguinte normativa:

- Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG de 13 de agosto de 2013)
- Orde do 21 de Febreiro de 2007 (DOG de 5 de Marzo de 2007)
- Instrucción 2/2015 do 1 de xuño, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta para o curso 2105/16.
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

2. CLASIFICACIÓN DO COMEDOR

- Segundo o **Decreto 132/2013 do 1 de agosto**, o comedor do centro está clasificado como **tipo B** (de 76 a 150 comensais), e a modalidade de prestación de servizos é a de **Xestión Indirecta da Consellería**.

- Segundo a **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, o persoal de atención ao alumnado que corresponde a este comedor é o seguinte:

- Educación Infantil: 3 prazas de vixilancia.
- Educación Primaria: 4 prazas de vixilancia.

3.- HORARIO DO COMEDOR.

O horario do comedor escolar é de 13:00h a 15:00h. de outubro a maio e de 13:30h. a 15:30h. nos meses de setembro e xuño, repartido en dúas quendas:

- 1ª quenda, 13:00h-14:00h:
 - 4º, 5º e 6º de Ed. Infantil.
 - 1º, 2º e 3º curso de Ed. Primaria
- 2ª quenda, 14:00h-15:00h:
 - 4º, 5º e 6º curso de Ed. Primaria.

4.- FUNCIONES DO/A ENCARGADO/A DE COMEDOR

Segundo a **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, no artigo 9º.3: “Cando o servizo de comedor sexa contratado a unha empresa hostelera as funcións da persoa encargada do comedor as asumirá a propia empresa”.

As funcións da persoa encargada do comedor e, no seu caso, da persoa designada pola empresa hostelera son as seguintes:

- Coordinar o plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionados co hábito de saber comer e da relación social no contorno do comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario de comedor.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarias para o funcionamento do comedor escolar.
- Organizar o funcionamento do servizo de comedor a mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento de servizo de comedor e a súa reposición.

5.-FUNCIONES DO PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO

Segundo a **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, artigo 8º.3: “Nos centros con servizo de comedor adxudicado a unha empresa, o servizo de vixilancia e atención ao alumnado poderá ser prestado tanto por persoal do centro como por persoal da empresa adxudicataria, que acreditará a idoneidade profesional deste persoal destinado as referidas funcións con pleno respecto ao principio de igualdade entre homes e mulleres.”

No caso deste centro as funcións de apoio e atención ao alumnado as asume exclusivamente persoal da empresa adxudicataria do servizo.

As referidas funcións son as seguintes:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa e apoio ás actividades establecidas dacordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais

e de correcto uso e conservación da vaixela de comedor.

- Axudar ao alumnado que por idade o necesidades asociadas a condicións específicas de discapacidade, precisen da colaboración dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar á dirección do centro, no modelo de impreso axeitado, das incidencias relacionadas co servizo de comedor, para que se notifique ás familias, se é o caso.
- Atención e custodia do alumnado nos períodos anteriores e posteriores ao xantar, no exercicio e desenvolvemento das actividades programadas para eses períodos e segundo as orientacións do encargado/a do comedor escolar.
- En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar se fomentará a colaboración do alumnado a partir de 5º de Ed. Primaria, sen que iso poida supoñer a ausencia física ou a substitución do persoal habitual encargado desas funcións.

6.- FUNCÍONS DO/A DIRECTOR/A DO CENTRO

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do director/a do centro son as seguintes:

- Elaborar co equipo directivo o protocolo de funcionamento do servizo como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado. (Neste centro o persoal de atención ao alumnado é unicamente o da empresa adxudicataria).
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor. (Non procede neste centro).
- Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento. (Non procede neste centro).
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del mesmo.
- Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente. (Non procede neste centro).

- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar. (Non procede neste centro).
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

II.- OBXECTIVOS

O funcionamento do comedor escolar afecta á vida do centro e a súa utilización por parte do alumnado non debe considerarse como algo alleo aos valores que se ensinan nas aulas.

O comedor escolar é un servizo complementario e, como tal, os usuarios deben respectar as normas de convivencia que rexen no Centro; tratarase de acadar os seguintes obxectivos:

1.-EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:

1. Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
2. Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas nas aula.
3. Promover o consumo de tódolos alimentos (educar no gusto polos diferentes sabores).
4. Manter posturas correctas na mesa.
5. Desenvolver hábitos sobre o uso axeitado dos utensilios de comida.
6. Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
7. Concienciar ás familias dos beneficios que poden obterse dunha colaboración cos responsables do comedor, tanto respecto á saúde como á educación nutricional dos seus fillos, así como na adquisición e desenvolvemento de hábitos correctos.

2.-EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:

1. Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.

2. Promover a cooperación do alumnado implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de comedor
3. Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara tódolos membros da comunidade escolar.
4. Lograr un comportamento correcto na mesa.
5. Lograr un ambiente agradable evitando o exceso de ruídos.
6. Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.
7. Lograr que as entradas e saídas ao comedor sexan ordenadas.
8. Favorecer a comunicación cos compañeiros en actividades non académicas, fomentando o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia.
9. Valorar e respectar outro tipo de traballos (persoal colaborador, cociñeiros, camareiras, etc).

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA.

Tal e como se recolle no **punto 1, artigo 36**, do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de *convivencia e participación da comunidade educativa*:

“deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.”

Segundo o **punto 1, artigo 33** do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de *convivencia e participación da comunidade educativa*:

“As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) *Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.*
- b) *Condutas leves contrarias á convivencia.”*

En canto a gradación das medidas correctoras e reparación dos danos causados, este regulamento rexeráse polos **artigos 34 e 35** do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de *convivencia e participación da comunidade educativa*.

Inclúense como posibles medidas sancionadoras:

- a) Comer illado do grupo de un a tres días.
- b) Cambio de quenda de comedor de un a tres días.
- c) Suspensión do dereito ao tempo libre cos/as compañeiros/as anterior e posterior ao

comedor de un a tres días.

- d) Suspensión do dereito ao uso do servizo de comedor de un día ata un mes, en función da falta.

As condutas leves contrarias ás normas de convivencia serán amonestadas verbalmente polo persoal de atención ao comedor que, en caso necesario, informará por escrito á dirección do centro.

As sancións derivadas de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia serán impostas pola dirección do centro, previa audiencia ao/á alumno/a e ao persoal responsable no momento dos feitos.

A sanción será comunicada por escrito ao/á titor/a e a familia do/a alumno/a.

1-. NORMAS XERAIS

1. O alumnado alérxico a alimentos ou que padezan calquera enfermidade que precise dunha alimentación especial deberá presentar un **informe médico** á dirección do centro que o comunicará á encargada do comedor escolar.
2. Ao comezo de cada mes a dirección, previa comunicación por parte da empresa adjudicataria, informará ás familias do menú.
3. Para calquera dúbida relacionada co comedor as familias deberán dirixirse á dirección do centro.
4. En caso de ACCIDENTE as pautas a seguir son:
 - accidente leve: atenderá a persoa cuidadora que en ese momento acompañe ao alumno e, se fora o caso, chamará ás familias previa comunicación á dirección do centro..
 - accidente grave: comunicación á dirección que chamará ao 112 e avisará á familia inmediatamente.

2-. NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR

• Alumnado

1. Todo o alumnado deben respectar as normas de funcionamento e de convivencia do comedor (dispoñible no centro e na páxina web).
2. Antes do inicio da comida os/as alumnos/as deberán lavar as mans e ir ao baño se o

precisan (neste sentido terase especial atención cos alumnos de Ed. Infantil)

3. O alumnado accederá ás instalacións cando a encargada ou colaboradores/as o indiquen.
4. A entrada ao comedor dos/as alumnos/as de Ed. Infantil e Primaria farase por grupos, con orde e tranquilidade, sen correr, nin berrar, nin empurrar aos/ás compañeiros/as. En Ed. Infantil o profesorado da última sesión da mañá repartirán aos alumnos que non fan uso do comedor e os que si o fan, deixando a estos últimos na entrada do comedor hasta que o persoal coidador responsable se faga cargo deles. O alumnado de 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria, baixará ao baño para lavar as mans e desde alí, acompañarán ao persoal responsable deles para entrar no comedor. O alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria baixarán ao patio, onde xa espera o persoal coidador que lle corresponde. Estes/as alumnos/as lavarán as mans á entrada da súa quenda no comedor, baixo as instrucións do persoal colaborador.
5. O alumnado sentaranse no lugar que lles sexa asignado e permanecerán nel sen poder levantarse salvo co permiso dalgún responsable. Estes lugares poderán cambiarse a criterio dos colaboradores/as ou encargada. Cada colaborador/a terá asignadas unhas mesas determinadas que serán as que teña que atender e o alumnado estarán informados de quen é esa persoa responsable.
6. O alumnado dirixiranse a todo o persoal de comedor, e viceversa, co debido respecto e sen levantar a voz. O alumnado están obrigados a respectar aos/ás colaboradores/as nos mesmos termos que ao profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.
7. Co fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado o alumnado e persoal, dirixiranse aos demais nun ton de voz axeitado, evitando falar cos compañeiros doutras mesas.
8. Durante a comida o alumnado empregará os utensilios e comerán dun xeito correcto, sen xogar entre eles/as nin facelo coa comida.
9. O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido (salvo no caso do apartado 1 das normas xerais).
10. O alumnado non sairá do comedor ata que os/as colaboradores/as ou a encargada

llo indiquen.

- **Familias**

1. Asumir o presente protocolo en todos os seus apartados, que estará dispoñible no centro e na páxina Web para toda a comunidade educativa.
2. Orientar aos/ás seus/súas fillos/as sobre como deben comportarse durante a comida e os períodos anterior e posterior á mesma.
3. Cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas.
4. A recollida dun/ha alumno/a antes do inicio do comedor, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral: notificación previa por escrito cunha antelación mínima dun día para non aboar o comedor o día ou días que non vai facer uso del e firmar o documento de recollida existente ao respecto.
5. Comunicar ao centro, mediante informe médico, as posibles alerxias o enfermidades que requiran un réxeme.
6. Aceptar e levar a cabo as correccións que se lle apliquen aos/ás seus/súas fillos/as ante as condutas contrarias ás normas de convivencia.
7. Presentar, **por escrito**, calquera suxestión ou observación sobre o comedor na Dirección do centro.
8. As reclamacións, peticións de menú especiais ou ausencia puntual no comedor escolar serán comunicadas e canalizadas sempre a través da dirección escolar, presentando o escrito correspondente.

É imprescindible contar coa implicación das familias do alumnado usuario do comedor para que adquiran valores educativos.

IV.- TEMPO LIBRE

1. Os/as colaboradores/as de comedor, distribuiranse de forma que poidan controlar tódolos espazos, farán unha amoestación verbal ao alumnado que presente unha conduta contraria ás normas de convivencia e, en caso de reincidencia ou conduta prexudicial ou gravemente prexudicial para a convivencia do Centro, informarán por escrito á dirección.
2. Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose estes os que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.
3. O persoal colaborador procurará orientar os xogos no tempo libre para evitar accidentes e manter o axeitado ton da convivencia nos espazos abertos.

V.- PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS (*punto 7.2.6 da instrucción 2/2015*)

1. Os usuarios con obriga de aboar o servizo de comedor farano efectivamente á empresa concesionaria a través da domiciliación bancaria correspondente.
2. A empresa comunicará a dirección do centro a falta de pago e esta, no exercicio das súas funcións, e previa comunicación ao Consello Escolar, poderá suspender o dereito ao uso do servizo en tanto non se actualice o pago á empresa.

VI.- ANEXOS



ANEXO I

**PARTE DE INCIDENCIAS SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR
 CONDUCTA CONTRARIA Á NORMA DE CONVIVENCIA**

Cargo/Responsable	
Alumnado implicado	
DESCRIPCIÓN INCIDENCIA	DA

Sigrás, _____ de _____ de 201_

Persoa que informa

Asdo.: _____

Comuníquese a:			
	Dirección	Titor/a	Familia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER
Souto – Sigrás 15181 Cambre Tfno/Fax 981674953
ceip.gonzalo.torrente.cambre@edu.xunta.es

ANEXO II

PARTE DE INCIDENCIAS SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

CONDUTA GRAVEMENTE PREXUDICIAL PARA A CONVIVENCIA

Cargo/Responsable	
Alumnadi implicado	
DESCRIPCIÓN INCIDENCIA	DA

Sigrás, _____ de _____ de 201_

Persoa que comunica

Asdo.: _____

Comunícase a:					
	Dirección		Titor/a		Familia



**COMUNICACIÓN DO APERCIBIMENTO OU SANCIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS
Á NORMA DE CONVIVENCIA**

ALUMNO/A: _____

CURSO: _____

DATA: _____

TIPO DE FALTA:

DESCRIPCIÓN DA FALTA:

SANCIÓN:

A DIRECTORA

RECIBÍN PAI/NAI/TITOR/A

DATA:

ASDO. ESTRELLA JIMÉNEZ ORTEGA

Este protocolo de Regulamento de comedor foi aprobado polo Claustro e consello Escolar deste centro nas respectivas reunións do día 29 de febreiro de 2016.